

**CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE DA  
XUNTA DE GALICIA E A FUNDACIÓN OTERO PEDRAYO PARA O MANTEMENTO DAS  
DEPENDENCIAS DA CASA GRANDE DE CIMA DE VILA E ACTIVIDADE CULTURAL  
FESTA LITERARIA DO PREMIO TRASALBA**

**MEMORIA XUSTIFICATIVA**

O director xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude

**DECLARA:**

Que esta Dirección Xeral de Cultura ten previsto formalizar coa Fundación Otero Pedrayo o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2025.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

*Establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e a Fundación Otero Pedrayo para o mantemento das dependencias da Casa Grande de Cimadevila e actividade cultural Festa Literaria do Premio Trasalba.*

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

*De acordo co artigo 26 da Lei de Subvencións non é posible promover a concorrência pública para a realización destas actividades, por canto se trata de actividades únicas e de especiais características, por todo o que representa a figura de Otero Pedrayo para a cultura galega e para Galicia; é a Fundación Otero Pedrayo a encargada de manter viva a súa memoria e obra, ademais de manter o estado e asistencia ás instalacións da Casa Grande de Cimadevila e a súa contorna.*

*Por todo o anterior é a Fundación Otero Pedrayo a que posúe a especificidade como beneficiario así como a da actuación subvencionada e o interese social da axuda concedida.*



Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos recollidos na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria

